

ТУ УОУУОУ

Tu Youyou naceu en 1930 en Ningbo (China). Estudou Farmacoloxía na Universidade de Pekín, licenciándose en 1955. Posteriormente, estudou Medicina Tradicional Chinesa, e comezou a traballar como investigadora na Academia de Ciencias Tradicionais Chinesas. A súa primeira investigación foi sobre a esquistosomatose, enfermidade causada por vermes parasitos moi estendida por China na primeira metade do século XX.

No ano 1967, en plena Guerra de Vietnam, a vida de Tu cambiou para sempre, pois o líder norvietnamita Ho Chi Minh pide axuda a China para loitar contra a malaria, enfermidade que assolaba aos seus soldados. Púxose así en marcha unha investigación secreta, denominada *Misión 523*, na que Tu participou dun xeito moi activo: primeiro como investigadora de campo na illa de Hainan tratando directamente cos doentes de malaria; despois como investigadora principal do proxecto. A base da súa investigación estaba nos textos da Medicina Tradicional Chinesa.

Aquilo funcionou e, en 1971, Tu e o seu equipo, atoparon o remedio no *Manual de Práctica Clínica y Remedios de Emergencia* escrito no ano 340 por Ge Hong. Extraeron e illaron a artemisinina, un principio activo que demostrou a súa eficacia contra a malaria. Foi a propia Tu a persoa que probou en primeiro lugar a efectividade e a seguridade do fármaco, pois como ela mesma afirmou “era a xefa da investigación e tiña a responsabilidade”. Ademais da eficacia, o equipo de Tu estudou a química e a farmacoloxía da artemisinina e preparou un fármaco con ela. Aquel traballo publicouse de xeito anónimo en 1977. Tres anos máis tarde, Tu Youyou presentouno ante a OMS. O seu descubrimento salvou millóns de vidas.

No ano 2015 Tu Youyou foi galardoada co Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina polo seu descubrimento dunha nova terapia para a malaria.

Nicolás Iglesias Freire

1º Bacharelato D